# RECEITA PARA FACER FERTILIZANTE CASEIRO

**O fertilizante fabricado a partir de refugos orgánicos chámase compost.**

1. Reúne os materiais necesarios para elaborar o teu propio fertilizante.




2. Realiza uns buratos na tapa do recipiente de plástico cun punzón. Tamén podes facer buratiños arredor para que entre aire e non se produza mal olor.



3. Coloca os refugos orgánicos por capas dentro do recipiente e éncheo case ata o bordo. Debes separar cada capa de refugos cunha capa de manto e esmagalas ben.




4. Sitúa o recipiente nun lugar seco e á sombra.

5. Remóveo con coidado unha vez por semana cun pau que chegue ata o fondo do recipiente.



6. O fertilizante estará listo para ser utilizado no xardín nuns tres meses, cando os refugos xa non se distingan na terra.